

CONCRECIÓN ANUAL

PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

CURSO 2024 - 2025



I.E.S. ANTÓN ALONSO RÍOS
TOMIÑO

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN.....	2
2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES PREVISIBLES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.....	4
3. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO.....	7
4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN ANUAL.....	10
5. PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.....	13

1. INTRODUCCIÓN

A atención á diversidade no centro escolar debe entenderse como o conxunto de propostas curriculares e organizativas que perseguen adecuar as respostas educativas a pluralidade de todos e cada un dos alumnos e alumnas para que acaden os obxectivos e contidos de etapa.

Deste xeito, a diversidade e a individualización da ensinanza deben estar plenamente identificadas, o que implica que se consideren de forma interrelacionada as características persoais do alumnado e as estratexias organizativas e de ensinanza que permitan acadar unha optimización da actividade educativa.

Deste modo, a atención a diversidade asegura unha formación básica e común para todo o alumnado, así como a igualdade de oportunidades independentemente da súa orixe social, etnia, sexo, ou calquera outras características individuais (aptitudinais, de capacidade ou mesmo derivadas de situacións psicosociais, económicas ou sanitarias), resulta obvio que só unha adecuada atención á diversidade dos escolares pode facer viable a aplicación do principio de comprensividade.

Pola súa parte, o Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) é un documento institucional que desenvolve as medidas xerais de atención á diversidade contempladas no Proxecto Educativo do centro, concretando as actuacións dos distintos profesionais e os mecanismos de colaboración e coordinación internos, cos centros adscritos, coas familias do alumnado e cos servizos externos ao centro, así como as actuacións para a súa avaliación e seguimento.

A súa vez, a concreción anual é o instrumento que guía a planificación das medidas educativas de atención á diversidade en función das necesidades detectadas e dos recursos dispoñibles, no marco da Programación Xeral Anual.

2. ANÁLISE DA SITUACIÓN DE PARTIDA E VALORACIÓN DAS NECESIDADES PREVISIBLES CON RELACIÓN AO TIPO DE ALUMNADO E Á OFERTA EDUCATIVA DO CENTRO.

Tendo en conta a memoria do Plan Anual do Departamento de Orientación do curso pasado, detectáronse as seguintes necesidades en canto á atención á diversidade:

A. NECESIDADES ORGANIZATIVAS E DE COORDINACIÓN:

- ❖ Necesidade de seguir a sensibilizar cara a Atención á Diversidade a todos os membros da comunidade educativa, insistindo na conciencia e aplicación afectiva dos principios educativos de normalización, individualización e atención á diversidade tal e como propugna o sistema educativo.
- ❖ Necesidade de mellorar a organización dos horarios de apoio PT debido a que se proporcionaban recursos humanos de maneira puntual ao longo do curso, o cal implicaba modificacións frecuentes destes horarios.
- ❖ Necesidade de inserir os aspectos básicos da atención á diversidade coa planificación de actividades do plan de convivencia e co PAT.
- ❖ Necesidade de contar cos recursos humanos necesarios para poder proporcionar atención educativa acorde ás necesidades do alumnado.
- ❖ Necesidade de mellorar a coordinación e implicación do equipo docente para a finalización do protocolo de atención de atención ao alumnado procedente do estranxeiro.

B. NECESIDADES DO PROFESORADO:

- ❖ Necesidade de atender ao aumento de demandas de asesoramento por parte do profesorado para atender ás necesidades emocionais dos seus titorandos/as.
- ❖ Necesidade de acompañar ao profesorado nas entrevistas coas familias ou alumnado que requiran coñecementos específicos pola súa particularidade.

- ❖ Necesidade de manter unha adecuada coordinación cos mestres PT e co profesorado das distintas áreas a reforzar.

C. NECESIDADES DO ALUMNADO:

- ❖ Necesidade de apostar por unha atención á diversidade de inclusión que favoreza o desenvolvemento integral do alumnado.
- ❖ Necesidade de atender o aumento das demandas de atención ao alumnado debido á presenza de sintomatoloxía ansiosa e/ou estado anímico baixo, a maioría, como consecuencia da COVID-19.

D. NECESIDADES DAS FAMILIAS:

- ❖ Necesidade de recibir e proporcionar a información das necesidades do alumnado, das medidas adoptadas e do seu seguimento.
- ❖ Necesidade de asesoramento e coordinación co profesorado-titor, profesorado e Departamento de Orientación.
- ❖ Necesidade de que as familias faciliten a coordinación, se procede, con outros profesionais externos que atenden o alumnado.

E. NECESIDADES COAS ENTIDADES EXTERNAS:

- ❖ Necesidade de deseñar accións de colaboración coas entidades que participan na educación do alumnado.
- ❖ Necesidade de realizar actuacións conxuntas de prevención e intervención das necesidades específicas de apoio educativo.

ALUMNADO CON NECESIDADES ESPECÍFICAS DE APOIO EDUCATIVO NO PRESENTE CURSO

Por outra banda, ao comezo deste curso 2024-2025, cóntase que temos 590 alumnos/as no centro, dos cales, **251 é alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo** (A.C.N.E.A.E.), fronte aos 231 cos que se iniciou o curso pasado.

A continuación, na seguinte táboa, recóllese a distribución deste alumnado segundo o tipo de ensinanzas que cursen:

CURSOS	ALUMNADO con NEAE
1º ESO	38
2º ESO	61
3º ESO	27
4º ESO	46
1º Bacharelato	16
2º Bacharelato	15
1º F.P. Básica	22
2º F.P. Básica	19
Grao Medio	12
TOTAL	256

3. PROPOSTA DE MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE DO ALUMNADO CONTANDO COS RECURSOS EXISTENTES NO CENTRO.

A continuación, recóllense a previsión de medidas de atención a diversidade a aplicar no presente curso 2024-2025:

3.1. MEDIDAS ORDINARIAS PARA O CURSO 2024-2025.

- ❖ Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.
- ❖ Adecuación das programacións didácticas ao alumnado e ás circunstancias do seu contorno.
- ❖ Metodoloxías baseadas no traballo colaborativo en grupos heteroxéneos, tutoría entre iguais, aprendizaxe por proxectos e outras que promovan a inclusión.
- ❖ Adaptación dos tempos, dos instrumentos e dos procedementos de avaliación.
- ❖ Aulas de atención educativa e convivencia.
- ❖ Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria:
 - 1º ESO:
 - 5h de reforzo en aula na materia de L. Castelá (profesorado con dispoñibilidade horaria).
 - 5h de reforzo en aula na materia de Matemáticas (profesorado con dispoñibilidade horaria).
 - 5h de desdobre de Laboratorio na materia de Bioloxía e Xeoloxía.
 - 2º ESO:
 - 2h de reforzo en aula na materia de Matemáticas (profesorado con dispoñibilidade horaria).

- 5h de desdobre de Laboratorio na materia de Física e Química.
- 4º ESO:
 - 4h de desdobre na materia de Inglés.
 - Desdobre do grupo de Dixitalización e FOPP.
- ❖ Programas de enriquecemento curricular.
- ❖ Plan de reforzo para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que pase de curso con materias sen superar.
- ❖ Plan específico personalizado para o alumnado de educación secundaria obrigatoria que permaneza un ano máis no mesmo curso.

3.2. *MEDIDAS EXTRAORDINARIAS PARA O CURSO 2024-2025.*

- ❖ Adaptacións Curriculares.
- ❖ Apoio do profesorado especialista en pedagogía terapéutica (PT).
- ❖ Agrupamentos flexibles na materia de Matemáticas en 2º ESO.
- ❖ Atención educativa ao alumnado que presenta dificultades para unha asistencia continuada a un centro docente.
 - A comezos deste curso, non se detecta que sexa necesario aplicar esta medida.
- ❖ Flexibilización do período de escolarización.
 - A comezos deste curso, non se detecta que sexa necesario aplicar esta medida.
- ❖ Atención educativa ao alumnado procedente do estranxeiro.

3.3. *OUTRAS MEDIDAS PARA O CURSO 2024-2025.*

- ❖ Sesións lectivas de libre disposición (artigo 12.2 do DECRETO 156/2022, do 15 de setembro):
 - 5h na materia de Lingua Galega en 1º ESO .
 - 5h na materia de Lingua Castelá en 2º ESO .
 - 10h na materia de Matemáticas en 1º ESO e 2º ESO.
- ❖ Sesións lectivas de libre disposición (no apartado 3 da disposición adicional primeira do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro):
 - 2h de reforzo de Inglés (alternativa á Relixión).
- ❖ Organización do bacharelato en tres anos académicos (artigo 12 do DECRETO 157/2022, do 15 de setembro).
- ❖ Aplicación dos protocolos de actuación da Xunta de Galicia co alumnado que presenta Necesidades Específicas De Apoio Educativo (NEAE).

Estes protocolos aplícanse ao alumnado que conta cun diagnóstico médico de TEA, TDAH, Dislexia, Discapacidade auditiva, etc.

- ❖ Programas de Formación Profesional Básica (FPB).

4. CONCRECIÓN DO CRONOGRAMA DE ACTUACIÓN ANUAL.

Para acadar os obxectivos do Plan Xeral de Atención á Diversidade (PXAD) do centro, levaranse a cabo unha serie de actuacións e aplicaranse unha serie de recursos seguindo o seguinte cronograma xeral:

DATAS	TAREFAS	RESPONSABLES	RECURSOS
1ª semana de setembro	Reunións iniciais cos equipos docentes do alumnado con NEAE	Xefatura de estudos XD orientación	Informes do alumnado
	Asesoramento ás familias do alumnado proposto para os premios ao esforzo e superación persoal	XD Orientación	Aplicación “premiosedu”
2ª semana de setembro	Contacto cos alumnos con NEAE: xornadas de acollida para os novos e para as súas familias	XD Orientación	Informes de anos anteriores e de centros adscritos así como de centros de procedencia de novo alumnado
2ª semana de setembro	Valoración das necesidades iniciais	Xefatura de estudos	Informes obtidos nas reunións
2ª semana de setembro	Tramitación das bolsas para alumnado con NEAE	XD Orientación	Documentación requirida para a tramitación das bolsas
	Elaboración de horarios do departamento	Xefatura de estudos XD orientación	Recursos do departamento
3ª semana de setembro	Realización da concreción anual do PXAD	XD Orientación	Datos dos alumnos
4ª semana de setembro	Preparacións das avaliacións iniciais da ESO, Bacharelato, FPB e FP.	Xefatura de estudos (planifica e coordina)	Recursos do departamento
1ª semana de outubro	Avaliacións iniciais na ESO, Bacharelato, FPB e Ciclos Medios.	Xefatura de estudos Titores (dirixen as reunións) XD orientación (asesora e apoia)	Recursos do departamento
Mes de outubro	Reunións de coordinación pedagóxica	Xefatura de estudos (planifica e coordina) XD orientación (asesora e apoia) Titores (dirixen as reunións)	Datos do alumnado

DATAS	TAREFAS	RESPONSABLES	RECURSOS
4ª semana de outubro	Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións de coordinación	XD Orientación	Recursos do departamento
Mes de novembro	Elaboración das ACS	XD Orientación e profesores afectados	Recursos do departamento
Decembro	Participación nas sesións da 1ª avaliación	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL	Informes obtidos na avaliación inicial
Xaneiro	Elaboración de programas e actuacións xurdidas das reunións da 1ª avaliación e revisión das que xa están en marcha	XD Orientación	Informes obtidos na 1ª inicial
Marzo	Participación nas sesións da 2ª avaliación e avaliación previa á FCT de 2º ciclos	XD Orientación e profesorado especialista: PT e AL	Informes obtidos ao longo do trimestre
Abril	Orientación vocacional do alumnado	XD Orientación e titores	Recursos do departamento
Maio	Visita dos centros adscritos	XD orientación Titores de 6º EP	Informes do alumnado
	Participación nas sesións da avaliación final de 2º Bacharelato	XD Orientación	Informes obtidos nas avaliacións previas
1ª semana de xuño	Participación nas sesións da 3ª avaliación de BAC e FPB	XD Orientación e profesorado especialista PT	Informes obtidos ao longo do curso
3ª semana de xuño	Participación nas sesións de avaliación ordinaria final na ESO	XD Orientación e profesorado especialista PT	Informes obtidos ao longo do curso
	Participación nas sesións de avaliación extraordinaria en BAC e FPB	XD Orientación e profesorado especialista PT	Informes obtidos ao longo do curso
4ª semana de xuño	Entrega aos titores de materiais necesarios para cumprimentar o Consello orientador	XD Orientación Xefatura de Estudos	Recursos do departamento
	Preparación de informes de alumnado con NEAE que abandona o centro	XD Orientación e profesorado especialista PT	Informes obtidos ao longo do curso
	De ser o caso, proposta de alumnado para FPB	XD Orientación e profesorado	Recursos do departamento
1ª semana de xullo	Elaboración da memoria do departamento	XD Orientación	Información recollida ao longo do curso
Xullo	Elaboración de listaxe de	XD Orientación e	Informes obtidos ao

DATAS	TAREFAS	RESPONSABLES	RECURSOS
	alumnos propostos para medidas de atención de atención á diversidade para o vindeiro curso	profesorado especialista PT	longo do curso
	Selección do alumnado de 4º ESO proposto para os premios ao esforzo e superación persoal	XD Orientación e titores/as de 4º ESO	Informes do alumnado
Todo o curso	Atender ás demandas do profesorado e do alumnado	Calquera membro do departamento segundo demandas	Recursos do departamento
Todo o curso	Asesoramento e apoio na CCP aos diferentes departamentos na programación e desenvolvemento de tarefas	XD Orientación e PT	Recursos do departamento
Todo o curso	Colaborar na planificación, desenvolvemento, seguimento e avaliación dos plans e programas levados a cabo no centro	XD orientación en colaboración cos outros membros da comunidade educativa implicados	Recursos do departamento

5. PROCESO DE SEGUIMIENTO, AVALIACIÓN E MELLORA DO PLAN.

Ao longo do curso, realizarase o seguimento do desenvolvemento da concreción anual do PXAD. Os momentos da avaliación serán:

- Avaliación inicial: para detectar necesidades.
- Avaliación continua ou formativa: durante a posta en marcha das diferentes actuacións coa finalidade de modificar no proceso aquelas que resulten inadecuadas.
- Avaliación sumativa e final: ao final do proceso farase unha avaliación por parte de todos os participantes (familias, profesorado, alumnado, Orientación e Equipo Directivo) sobre aqueles aspectos que funcionaron ben, as dificultades atopadas, e aqueles aspectos que serán necesarios modificar. A evolución nos distintos momentos levarase a cabo nas reunións da CCP, reunións de titores, etc.

Para levar a cabo ditas avaliacións, levarase a cabo a través de:

- Os informes de seguimento das medidas de apoio que elaborarán as especialistas en Pedagogía Terapéutica.
- A evolución dos casos atendidos así como da resposta que se lle deu as demandas feitas polo profesorado-titor, familias, Equipo Directivo, etc.
- Consecución dos obxectivos establecidos trimestralmente nas accións prioritarias para o Departamento de Orientación.

Así mesmo, teranse en conta os seguintes criterios:

1. Grao de consecución de obxectivos.
2. Adecuación das actuacións para lograr atender á diversidade do alumnado e lograr a inclusión do mesmo.
3. Grao de coordinación entre o profesorado-titor e o resto do equipo educativo de cada grupo e de implicación do equipo docente na atención á diversidade.

4. Grao de coordinación do profesorado-titor entre si e deste coa xefatura de estudos e o departamento de orientación en relación ás medidas de atención á diversidade.
5. Contribución das actuacións desenvolvidas á mellora das relacións entre o centro e as familias.
6. Pertinencia das accións realizadas nos distintos ámbitos.

Cos resultados obtidos nestas avaliacións, a xefatura do Departamento de Orientación realizará, a final de curso, a memoria deste PXAD (a cal será incluía na memoria do Plan Anual de Orientación e, en consecuencia, incorporárase á memoria anual do centro) onde se reflexarán as actuacións e o grao de consecuencia da planificación, así como as propostas de mellora. Os resultados desta avaliación final constituirán o punto de partido para o vindeiro curso.

En Tomiño, a 17 de setembro de 2024.